

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 19 de setembro de 2014 pola que se fai pública a ampliación do importe do crédito existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 20 de marzo de 2014 pola que se establece o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2013/14, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos.

A Orde do 20 de marzo de 2014 (DOG do 2 de abril) pola que se establece o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2013/14, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos, establece no seu artigo 2 un orzamento total de 91.000 euros para a concesión destas axudas.

Porén, o mesmo artigo establece que tal cantidade poderá ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería, de conformidade cos supostos recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Dado que existe remanente doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, procede a ampliación da contía en 42.500 euros.

Por todo o exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ampliación de crédito*

Amplíase o importe total do crédito para o financiamento das axudas previstas na Orde do 20 de marzo de 2014 pola que se establece o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2013/14, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos, na aplicación orzamentaria 09.40.422C.480.0, por un importe global de 42.500 euros.



Artigo 2. *Prazo de solicitude*

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2014

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

